

Ecuador: o nacemento dun novo suxeito político

Felipe Burbano de Lara

O triunfo de Lucio Gutiérrez nas últimas eleccións presidenciais marca a aparición dun novo suxeito político na escena ecuatoriana. Trátase, a non dubidalo, dun suxeito político con características inéditas; polo tanto, nada ten de aventurado dicir que a súa aparición inaugura un novo momento político para o país.

¿Onde radica o inédito de Lucio Gutiérrez? Nos elementos que logrou articular ao redor do seu liderado. Destacan tres: en primeira instancia, a loita das aldeas indíxenas durante os anos 90. Gutiérrez expresa as mudanzas provocadas por toda a loita indíxena en contra dunha sociedade na que o poder sempre pertenceu á elite branca. As constantes mobilidades dunha década e as denuncias dunhas estruturas de poder que discriminan e exclúen o indíxena, teñen trastocado os xogos ao redor da cor étnica do poder. Non sería en absoluto aventurado soste que a constante presenza indíxena no espacio político –non só a través das mobilidades e os erguementos, senón tamén no parlamento, nos gobernos locais e nos debates públicos– xeraron posibilidades de identificación con novos rostros electorais. Xa non é necesario ser branco para se converter en presidente do Ecuador.

Unha segunda presenza detrás de Gutiérrez podería ser descrita como a dun “movemento popular” descontento cos resultados da democracia e 15 anos de políticas de axuste e apertura. En realidade, produciuse unha redefinición “do popular” como forma antagónica cara ao que se identifica como o poder institucionalizado: o popular reconécese e descóbrese tamén nas loitas indíxenas. A raia que sempre separou ao pobo como un suxeito esencialmente urbano e pobre do indíxena rural e excluído, semella terse roto ou alomenos franqueado. O impacto étnico sobre o popular marca un troco cultural de dimensións descoñecidas na política ecuatoriana. Se pensamos por un momento na demanda dunha sociedade multicultural e multiétnica erguida polo movemento indíxena ao longo dos últimos 10 anos, poderíamos concluír que estamos diante da constitución dun *suxeito pobo* cun rostro multicultural. O pobo xa non só artella unha heteroxeneidade social, como o fixo na política nacional, senón tamén unha heteroxeneidade cultural, onde o indíxena encontra un espacio poderoso.

E o terceiro elemento sen o cal non podería explicarse a forza atinxida por Gutiérrez é o que poderíamos chamar, dun modo xenérico e impreciso, “o militar”. O militar aparece dende varias perspectivas. En primeiro lugar, como identificación das Forzas Armadas con certas causas populares e cunha certa vocación antioligárquica, tal como se expresou o 21 de xaneiro de 2000. Os Coroneis que participaron no golpe o fixeron en nome do interese nacional ameazado pola corrupción dos grupos de po-

der económico. En segundo lugar, preséntase dende a perspectiva dunha loita heroica en contra do poder. O mesmo Gutiérrez presentou durante a campaña electoral a imaxe dun militar que sacrificou a súa carreira pola defensa dos intereses nacionais; retratouse como unha sorte de heroe popular. E en terceiro lugar, exprésase –e aquí o seu lado máis problemático– como unha profunda desconfianza cara a democracia. O triunfo dun coronel na elección presidencial sinala unha continuidade coas últimas –e decisivas– intervencións das FFAA na política nacional (tanto na caída de Bucaram como na de Mahuad). Aquelas intervencións riscaron a liña que separaba ao poder civil do poder militar na democracia. Con iso, reactivouse o papel tutelar das FFAA sobre a democracia ecuatoriana.

Se definimos a Gutiérrez como un suxeito político inédito na escena ecuatoriana é pola articulación que logrou destes tres elementos, o étnico, o popular e o militar para converterse, ante a sorpresa e o desconcerto das olladas dominantes, no eixo dun novo proceso político.

Habería que engadir, como elemento de contexto político xeral, que as loitas indíxenas foron loitas en contra da política neoliberal dos últimos 15 anos. Os indíxenas teñen cuestionado ao Estado e á cultura nacional polas súas herdanzas coloniais, pero tamén por unha política económica depredadora dos recursos nacionais e estatais, concentradora da riqueza e entregada aos intereses dos Estados Unidos, o FMI e ao capital estranxeiro. Neste punto, os indíxenas cadraron coa Coordinadora de Movementos Sociais, unha instancia de unión dos sindicatos públicos, que tamén se mobilizou con Gutiérrez.

O malestar cos partidos

O triunfo de Gutiérrez inscríbese dentro dun profundo malestar da maioría de ecuatorianos cara os partidos políticos e cara á política en xeral. O feito evidente deste malestar é que os tres candidatos que se impuxeron na primeira volta electoral proviñan de movementos xestados desde fóra dos partidos. Lucio Gutiérrez, Álvaro Noboa e León Roldós presentáronse como candidatos contrarios aos partidos e ao modo como estes conduciron a política. A última elección produciuse, polo tanto, nunha sociedade lanzada á procura de liderados por fóra dos partidos. E ocorreu que, finalmente, o cuestionamento aos partidos e aos seus liderados traducíuse nun rexeitamento electoral na elección presidencial. É o fin dun paradoxo mantido durante moito tempo: a pesar da crítica aos partidos, os ecuatorianos seguían votando polos partidos. Na elección de outubro, o paradoxo chegou ao seu fin, e iso significa deixar aberta a posibilidade dun troco dramático no sistema político. En realidade, o troco xa se produciu; agora está por ver a viabilidade das novas condicións políticas e as novas formas de conflito e antagonismo, como tamén de concertación, que traerá o novo suxeito da política.

O debilitamento dos partidos exprésase sobre todo nun repregue da súa forza cara ao local e rexional. Poderíase plantexar o problema tamén dende unha perspecti-

va distinta: a presenza local e rexional dos partidos define ao mesmo tempo a súa forza e a súa debilidade. Forza na medida en que atopan no local e rexional un espazo de reprodución máis ou menos consolidado. Debilidade, posto que describe a súa imposibilidade para se proxectar nacionalmente.

A debilidade dos partidos ten especial importancia para entender os problemas de gobernabilidade do Ecuador. A proxección dos partidos cara o espazo nacional, a súa inevitábel confluencia nese espazo, converteu ao nacional no terreo dos desencontros e as liortas, no lugar onde se xera a ingobernabilidade. As distancias simbólicas que separan aos partidos –expresadas nas súas linguaxes, as súas concepcións da política, da autoridade, da lexitimidade– poñen de manifesto algunhas das fracturas do Estado ecuatoriano: de clase, de rexión e étnicas. Os problemas de gobernabilidade habería que entendelaos como a limitación dos partidos para administrar e conducir o espazo nacional da política, é dicir, ao mesmo Estado. No centro desa problemática atópase o bloqueo institucional entre o Executivo e o Congreso.

A crise de representación dos partidos no espazo nacional, que expresa á vez a súa imposibilidade para se representar ao país por riba do nivel local e rexional, viuse agravada pola debilidade do Estado como aparello, como estrutura de integración nacional e como referente simbólico da política. A capacidade de administración e xestión política dos partidos, en toda a súa precariedade, foi posíbel sostela cando o Estado mostraba algunha consistencia institucional, por un lado, e unha certa capacidade para negociar equilibrios sociais e rexionais mediante a repartición dos seus recursos, por outro. Pero un Estado con crecentes restricións fiscais, quebrado polo saqueo provocado polos grupos de poder –como no caso da crise bancaria que lle custou máis de 5.000 millóns de dólares– se mostra moi debilitado como espazo de integración.

Poderíamos preguntarnos, sobre a reflexión anterior, se o sistema de partidos entrou nun proceso inevitábel cara o seu colapso. Dificil resposta. As interpretacións das últimas eleccións teñen discrepado xustamente sobre o alcance da crise dos partidos, para moitos analistas máis aparente que real. Nos guste ou non –sosteñen estes analistas– os partidos seguirán establecendo as regras do xogo político, ao tempo que conservan espazos e recursos de poder que mobilizarán con forza fronte ao novo goberno. Se ben non se pode asegurar con certeza que o sistema de partidos entrase nun proceso irreversible cara o seu propio colapso, si se pode soste que os partidos se atopan severamente limitados na súa capacidade de proxección e articulación do espazo nacional por unha debilidade dos seus liderados. Estamos fronte a estruturas e maquinarias sen liderado. O que presenciamos nas últimas eleccións foi un conxunto de candidatos dos principais partidos que puideron avanzar ata onde lles permitiron as estruturas dos seus partidos. Eses liderados aportaron con moi pouco ás estruturas partidarias existentes. E cando non houbo estruturas nin organización, como no caso de Osvaldo Furtado, a votación obtida a penas superou o 1%. Non hai que descoñecer, en todo caso, a capacidade desas estruturas para se reproducir desde o poder local e rexional gracias ao funcionamento de redes clientelares. Pero sen liderados

renovados poderán proxectarse nacionalmente, co cal o espacio do liderado nacional –que se dilucida normalmente nas eleccións presidenciais– fica aberto para calquera aventura baixo o signo da anti-política.

E unha consideración adicional a propósito dos partidos. Como mostraron os casos de Perú e Venezuela, os sistemas de partidos colapsan como sistemas; sostéñense en conxunto ou se debilitan en conxunto. As fendas do sistema debilitan a tódolos partidos que o conforman, e non só a un grupo deles. O que non sabemos é cantos partidos fortes do sistema teñen que colapsar para que atore o sistema no seu conxunto. Polo pronto, hai un partido xa colapsado: a DP; e os outros atópanse golpeados pola súa derrota na elección presidencial.

Lucio Gutiérrez encarna a contradicción

O maior desafío que ten Lucio Gutiérrez é definir como integrará aos empresarios nun proxecto político con forte presenza indíxena, con demandas dos sectores populares e cunha vocación nacionalista. Gutiérrez tivo dous momentos no proceso electoral: o Lucio da primeira volta, e o Lucio da segunda volta. Entre eses dous momentos mediou a súa apertura cara os grupos de poder: empresarios, banqueiros, Forzas Armadas, FMI, a Igrexa e o goberno dos EEUU. Se na primeira volta o país o viu conectado co movemento indíxena, Pachakutik, o MPD e sectores populares urbanos e rurais, na segunda viu a un Gutiérrez en aberta seducción ao poder, amosándolle o seu rostro bo, exhibíndose menos perigoso do que se imaxinaba. Menos esquerdista do pensado, e menos chavista do temido.

Moito se especulou sobre o xiro de Gutiérrez na segunda volta electoral. Para moitos, entre os que me inclúo, semellou demasiado brusco e inmediato (produciuse ao día seguinte do seu triunfo na primeira volta); tan brusco foi o xiro que ergueu a pregunta obvia: ¿Quen é Gutiérrez? ¿Onde se empraza? Xurdiron, ademais, enormes especulacións sobre os compromisos con cada un dos seus novos interlocutores; tantas concesións –dicíase que ao redor da súa candidatura se arremuiñaban intereses– sen consistencia e coherencia ningunha.

Interpreto agora o proceso de apertura de Gutiérrez –o Lucio da segunda volta– como a tentativa por crear un espacio de converxencia entre empresarios, indíxenas e movemento popular. O novo presidente tenta ser un punto de converxencia entre Miguel Lluco e Mario Canessa (para gratificalo dalgún modo). A mensaxe foi máis ou menos clara: se non hai un entendemento entre estas dúas grandes tendencias, o país seguirá azoutado pola sombra da desestabilización social. Trátase da procura dunha concertación social que poida dar algunha viabilidade a un proxecto político ou, alomenos, que fortaleza socialmente un proxecto político fronte aos xogos de poder do Congreso (dominado polos partidos) en contra do Executivo.

O momento ten un certo dramatismo, sen dúbida. Gutiérrez está atrapado entre dúas forzas, pero ao mesmo tempo lanzou a mensaxe de que o Ecuador non é

viábel se falta un dos dous; ou hai un entendemento entre indios, sectores populares, sindicatos públicos e empresarios, gracias á súa mediación, ou o seu goberno, expresará de modo moito máis dramático e claro que os anteriores, as contradicións entre as dúas tendencias (gustaría mesmo dicir as contradicións de clase). En lugar de mediar, separar; en lugar de xerar un proxecto nacional, polarizar o proceso (Venezuela é, de todos modos, unha sombra que se cerne sobre o Ecuador). O interesante de Gutiérrez é que deu expresión tanto aos intereses dos indios e do movemento popular (dos excluídos e empobrecidos), como aos intereses dos empresarios e investidores. Só na medida en que os intereses deses dous grupos teñan igual recoñecemento político, se poderá mediar entre eles. Lluco e Canessa son as imaxes das dúas tendencias que deben artellarse. Pero, insisto, ao dar igual recoñecemento a esas dúas forzas en pugna, Gutiérrez leva a contradición ao seu propio liderado e ao seu propio goberno. E as opcións son claras: ou provoca unha grande confrontación ou se dá unha concertación. O grande desafío de Gutiérrez, Lluco e Canessa (para expresalo en imaxes) é descubrir os puntos de converxencia neste escenario que aparece tan arredado, tan dividido e tan fragmentado, pero onde empresarios, indíxenas e movemento popular poden descubrir e compartir un horizonte común. A mediación será posíbel só se a axenda do novo goberno logra deseñar un programa de modernización afastado tanto das fórmulas neoliberais como das “morriñas” de desenvolvemento do pasado.

Pero neste posíbel escenario de concertación social volta con forza a pregunta sobre o poder dos partidos. ¿Que farán fronte ao novo presidente? ¿Como actuarán dende o Congreso? ¿Como planearán as negociacións co Executivo? ¿Someterán ao presidente ás súas regras de xogo, pacto e negociación? ¿Será viábel o pacto de gobernabilidade proposto por Rodrigo Borja e aceito en principio por León Febres Añó? Estas preguntas non teñen resposta clara aínda. O único certo é que Gutiérrez marca un novo momento na política ecuatoriana, unha distancia respecto do pasado. Tanto é así que hoxe os analistas, case sen excepción, se refiren aos partidos políticos como partidos “tradicionais”. Engadimos o adxectivo “tradicionais” para marcar unha distancia co pasado. Deste modo, as relacións entre o Executivo e o Lexislativo adquiren unha nova dimensión: non serán só entre dous poderes do Estado como habitualmente foron, senón que escenificarán, ao mesmo tempo, a tensión entre o novo descoñecido e o vello desprestixiado.

Felipe Burbano de Lara é profesor-investigador de FLACSO-Ecuador.